



## CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) E A ASOCIACIÓN VIRATEC, CLÚSTER GALEGO DE SOLUCIÓNS AMBIENTAIS E ECONOMÍA CIRCULAR, PARA A CELEBRACIÓN EN GALICIA DO PRIMEIRO FORO INDUSTRIA SOSTIBLE

**Dunha parte**, Dna. MARÍA JESÚS LORENZANA SOMOZA, Conselleira de Economía e Industria da Xunta de Galicia, nomeada para o devandito cargo polo Decreto 44/2024, do 14 de abril (DOG nº 73, do 14 de abril), actuando en nome e representación do Instituto Galego de Promoción Económica (en diante, Igape), na súa calidade de presidenta, en virtude do disposto no artigo 11 da Lei 5/1992, do 10 de xuño, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica.

**Doutra parte**, Dna. JOSEFA DE LEÓN BLANCO, con DNI [REDACTED], en calidade de presidenta da Asociación Viratec, Clúster Galego de Solucións Ambientais e Economía Circular (en diante, VIRATEC), asociación rexistrada no Rexistro Central de Asociacións de Galicia con número 2021/024554-1, con NIF G-02881563, e domicilio no Edificio FEUGA, Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n, 15705 - Santiago de Compostela (A Coruña), en uso das atribucións que lle confire como presidente o artigo 23 dos estatutos da Asociación VIRATEC Clúster galego de solucións ambientais e economía circular, segundo o acordo de elección adoptado na Asemblea Xeral do 4 de xullo de 2024 de acordo coa certificación do Servizo de Entidades Xurídicas e Corporativas da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes de 12/11/2024.

As partes recoñécense capacidade legal e xurídica suficiente para formalizar o presente convenio e, para tal

### EXPOÑEN:

I. Que o Igape, creado pola Lei 5/1992, do 10 de xuño, é un ente de dereito público adscrito á Consellería de Economía e Industria polo Decreto 49/2024, do 22 de abril, e entre os seus principais obxectivos están os de fomentar a creación de novas empresas, promover a mellora da produtividade e competitividade das sociedades xa asentadas na Comunidade Autónoma, atraer investimentos foráneos e facilitar a internacionalización do tecido produtivo.

Neste sentido, o papel do Igape na mellora da competitividade e produtividade das empresas, ten varios eixos de actuación, entre os que destaca promocionar as capacidades das empresas galegas a través, entre outras accións, da difusión destas capacidades a nivel nacional e internacional, como chave do éxito e crecemento sostido e sostible das empresas e do tecido empresarial.

II. Que VIRATEC é unha asociación empresarial sen ánimo de lucro con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar que representa ao sector das tecnoloxías e solucións ambientais de Galicia. O obxectivo central de VIRATEC, tal como recollen os seus Estatutos (Artigo 6: Fins e Actividades), consiste en:

*"1. A finalidade principal de VIRATEC é contribuír de forma notable ao desenvolvemento económico, social e ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da participación activa e da colaboración das empresas, entidades e institucións públicas e privadas, relacionadas co sector ambiental e a economía circular.*

*No espírito da asociación está promover o desenvolvemento e aplicación de solucións ambientais innovadoras en todos os sectores económicos (agrogandería, silvicultura, acuicultura, pesca e recursos mariños, industria agroalimentaria, industria forestal-madeireira, industria do automóbil, industria conserveira, industria biotecnolóxica, etc.), para avanzar na descarbonización das cadeas de valor e a sostibilidade dos recursos naturais de Galicia. A natureza desta actividade xerará un*



*efecto activador da transición cara a produtos e servizos sostibles e competitivos, dentro dun marco de Economía Circular.*

*O sector das solucións ambientais inclúe as cadeas de valor do ciclo integral da auga, dos solos e do aire, da economía circular, dos residuos e solos contaminados, das enerxías renovables, da mobilidade sostible, da eficiencia enerxética, da construción sostible, do turismo sostible, da adaptación e mitigación o cambio climático, da descarbonización, da biodiversidade e servizos ecosistémicos, do ecodiseño e os servizos de enxeñería, consultaría e educación e divulgación ambiental. Así como calquera outra entidade que contribúa ou queira contribuír ao desenvolvemento sostible.*

*2. Son fins principais da asociación:*

- a) Aglutinar aos actores involucrados no sector da tecnoloxía e xestión ambiental en Galicia: empresas, asociacións empresariais, universidades, grupos, asociacións e centros de investigación e innovación.*
- b) Mellorar a competitividade das empresas do sector ambiental en Galicia por incremento da súa capacidade tecnolóxica e da formación do seu persoal.*
- c) Mellorar o posicionamento das empresas e entidades de investigación no ámbito nacional e internacional.*
- d) Fomentar o incremento de valor económico das empresas e do sector a través de propostas de valor, tanto ao mercado nacional como ao internacional.*
- e) Establecer colaboracións estables con institucións e entidades galegas, españolas e internacionais de recoñecido prestixio no ámbito académico, de investigación e desenvolvemento tecnolóxico en materia de medio ambiente*
- f) Ser interlocutor da Administración coa proposta de normativas e solucións ambientais eco-eficientes*
- g) Informar á Sociedade sobre temas de carácter xeral medioambiental relevantes*
- h) Promover a realización de proxectos e actividades de I+D+i e a súa transferencia ao sector produtivo de forma efectiva.*
- i) Fomentar propostas conxuntas para solución integral de problemas ambientais, buscando oportunidades en mercados españois e internacionais*
- j) Apoiar a outros sectores económicos a través de asociacións e proxectos inter-clúster.*
- k) Dar a coñecer as capacidades de Galicia como plataforma de innovación, a nivel nacional e internacional, no sector ambiental.*
- l) Promover a internacionalización do sector na forma de transferencia e comercialización de tecnoloxía desenvolvida en Galicia.*
- m) Impulsar o emprendemento no sector medioambiental."*

*III. Que a Xunta de Galicia aposta pola competitividade e a innovación como vía para mellorar a calidade de vida dos cidadáns de Galicia, como panca de eficiencia e de calidade da xestión autonómica, e como polo de xeración e atracción de actividades de alto valor engadido.*

*VI. Que VIRATEC no Piar 6 do seu Plan Estratéxico – Contribución ao desenvolvemento sostible de Galicia – estableceu como obxectivo:*

*"Desenvolver unha masa crítica de actores con gran experiencia industrial, desde a I+D ata a comercialización exitosa da innovación, que permita a VIRATEC converterse nun xerador sostible de riqueza para o sector, os sectores económicos conexos ao medio ambiente e a economía circular, e en definitiva, ao desenvolvemento integral de Galicia".*

Cara a contribuír a estes obxectivos, propónse a celebración en Galicia do I FORO INDUSTRIA SOSTIBLE organizado por VIRATEC coa colaboración do seu clúster homólogo no País Vasco, ACLIMA co gallo de converter este Foro nunha iniciativa que se repita cada dous anos, alternando Galicia e País Vasco, sen renunciar á súa celebración noutras rexións co fin último de se converter no Foro de referencia en sustentabilidade da península ibérica.



VII. Que a Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e a innovación en Galicia, dispón no seu artigo 2 que a mesma ten como obxectivo coordinar e potenciar os esforzos destinados a promover o coñecemento científico, contribuír eficazmente á consolidación da posición das empresas e institucións galegas no ámbito competitivo europeo e internacional, e posibilitar un cambio no modelo produtivo galego cara a outro centrado na innovación.

VIII. Que este convenio propón a celebración en Galicia do **I FORO INDUSTRIA SOSTIBLE: 'ATLANTIC GREEN HUB Empowering clean and competitive industry'**

Os clústeres Viratec e Aclima, de Galicia e Euskadi, respectivamente, suman as súas forzas para liderar un proxecto que persegue consolidarse no tempo como a cita máis importante na axenda do ecosistema da sustentabilidade como panca de competitividade. En 2025 terá lugar o lanzamento da primeira edición en Santiago de Compostela, co obxectivo de celebrar a súa segunda edición en 2027 en Euskadi para, en anos sucesivos ir alternando a sede entre ambas as comunidades de maneira que se converta no evento referente en sustentabilidade do corredor Atlántico.

IX. O eixo que abarca a franxa territorial entre Galicia e Euskadi está chamado a ser un referente no sur de Europa como polo de desenvolvemento socioeconómico ao redor da sustentabilidade. Aquí aséntanse importantes industrias de base ambiental, centros tecnolóxicos punteiros e universidades referentes en áreas de coñecemento estratéxico. É, ademais, un territorio con importantes capacidades loxísticas, con portos punteiros, con chan industrial dispoñible, cunha notable forza de produción de enerxía renovable e unha implicación decidida das Administracións Públicas máis próximas.

Este é o marco no que dinamizar, debater e xerar sinerxías positivas ao redor dos grandes retos e inquietudes de como a industria debe aplicar a Transición Ecolóxica e as Solucións Ambientais. Por iso, os axentes dinamizadores do sector ambiental, impulsan a celebración do gran encontro profesional do sector ambiental coa industria, para impulsar a súa competitividade e destacar as capacidades nesta área de coñecemento no sur de Europa. Procurarase un saúdo ao mundo para proclamar as altas capacidades que ofrecen as nosas empresas, universidades, centros tecnolóxicos e Administracións Públicas ante a sociedade, os investidores, o propio sector e todos os grupos de interese implicados no desenvolvemento sostible.

X. De acordo cos antecedentes anteriormente indicados e coas previsións contidas nas referencias normativas sinaladas, e tendo en conta do evidente beneficio xeral que esta actividade pode reportar ao conxunto da sociedade, Igape e VIRATEC teñen interese en xuntar esforzos e poñer en común as súas sinerxías e experiencia en prol da organización do I FORO INDUSTRIA SOSTIBLE, por mor das súas experiencias noutras iniciativas de difusión, que deberá constituír un inestimable incentivo ao crecemento económico da Comunidade Autónoma de Galicia.

A colaboración das partes no desenvolvemento desta iniciativa plasma a efectiva realización dun interese público e fai que resulte xustificada a participación da Administración na actividade prevista para conseguir resultados comúns aos intereses das partes asinantes.

Con tal motivo, as partes consideran de especial interese a súa colaboración na posta en marcha do I FORO INDUSTRIA SOSTIBLE en Galicia, para tal efecto, os aquí comparecentes subscriben o presente convenio de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### **Primeira. Obxecto**



O presente convenio ten por obxecto sentar as bases de colaboración entre as partes para a celebración en Galicia do I FORO INDUSTRIA SOSTIBLE: **'ATLANTIC GREEN HUB Empowering clean and competitive industry'**, coa colaboración ademais das partes asinantes, do clúster vasco ACLIMA, cuxa colaboración non forma parte do presente convenio.

Evento dun día e medio de duración, en sesións de mañá e tarde. O acceso ao mesmo estará suxeito ao pago dunha inscrición (con apoios e descontos segundo varias categorías). Está previsto celebralo en outubro, sendo o primeiro día exclusivamente profesional e podendo abrirse á sociedade en xeral no segundo día. Este evento ten vocación de permanencia, coa intención de ser duradeiro, referente en España e no sur de Europa, poñendo en valor o tecido industrial do Corredor do Atlántico e impulsando a súa competitividade a través da integración posibilista das solucións ambientais.

### **Segunda. Actuacións conxuntas do convenio**

Igape e VIRATEC, coa colaboración do clúster vasco ACLIMA (ao marxe deste convenio), realizarán as actuacións para confeccionar o programa definitivo do evento, establecer a captación de asistentes e organizar axeitadamente o desenvolvemento do Foro na procura dun grande éxito e así deixar aboado o futuro.

O programa actual do Foro constitúe o Anexo I a este convenio.

### **Terceira. Gastos atendibles**

Considéranse gastos atendibles aos efectos do convenio, aqueles que de xeito indubitado responden á natureza das actividades e fins do convenio.

Requisitos dos gastos con cargo ao convenio:

- 1.- Os gastos deberán ser realizados e efectivamente pagados dentro do ámbito temporal do propio convenio e, polo tanto, no que atinxe unicamente a actuacións realizadas a partir da data da sinatura do convenio e ata o 30 de novembro de 2025.
- 2.- O importe do IVE (imposto do valor engadido) non se considerará gasto xustificable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación.

Non obstante o anterior, o IVE vinculado aos gastos atendibles, terá tamén a consideración de gasto atendible se a entidade acredita a compensación parcial ou non recuperación expresa mediante última declaración presentada do modelo 390 ou mediante certificación de situación censual expedida pola AEAT, na cal se poña de manifesto que a entidade non realiza declaracións, liquidacións ou autoliquidacións deste imposto, acompañada de certificación da AEAT de que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias. Ambas certificacións e/ou a última declaración modelo 390 a data de peche da correspondente a certificación de gastos. Unha vez pechado o exercicio poderáselle requirir certificación da AEAT que acredite que non presentou a Declaración Anual do Imposto sobre o Valor Engadido ou modelo 390.

3.- Cando o importe dun gasto externo sexa igual ou superior a 15.000 € + IVE, VIRATEC deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores sen que entre eles poida existir vínculo societario, laboral ou de calquera índole de dependencia, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas especiais características dos gastos non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten. No suposto mencionado anteriormente, a elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa. Asemade en calquera de ámbolos supostos



precisarase polo menos a aprobación ex ante do Igape deses gastos e ulterior xustificación e ratificación na Comisión de Seguimento do convenio.

4.- Os gastos nos que incorra VIRATEC serán compatibles con outras cantidades públicas ou privadas que puidese recibir.

Para garantir a correcta aplicación da compatibilidade con outras fontes de financiamento e evitar a duplicidade de fondos públicos ou privados sobre os mesmos conceptos de gasto, o representante de VIRATEC, deberá presentar unha declaración responsable, certificando as cantidades recibidas por outros organismos nun cadro desagregado.

En ningún caso a contribución do Igape aos fins do convenio superará o 90% do gasto incorrido atendible, unha vez detraídas as devanditas cantidades.

5.- Todos os gastos externos xustificadas por VIRATEC deben axustarse a prezos de mercado, polo que podería solicitarse unha auditoría sobre os gastos xustificadas, no caso de que non exista outro patrón de público coñecemento que permita establecer o dito axuste.

6.- O Igape farase cargo dun máximo dun 90% dos gastos totais atendibles das actividades obxecto do convenio, correspondendo o 10% restante á aportación de VIRATEC.

Os gastos clasificaranse en:

a) Custos de persoal de VIRATEC.

En base a nóminas pagadas, gasto de Seguridade Social e importes retidos en concepto de IRPF e certificado de dedicación ao proxecto.

Admitiranse custos de persoal ata un máximo do 10% do importe total das actuacións.

b) Desprazamentos e aloxamentos de relatores, cando proceda.

c) Alugueiros de espazos e medios.

d) Gastos de publicidade e márketing dos eventos.

e) Remuneración de poñentes.

f) Outros gastos externos que respondan indubitablemente á realización das actividades e fins do convenio, e que non superarán o 30% dos gastos totais xustificadas.

#### **Cuarta. Compromisos do Igape**

Para a realización das actuacións obxecto do presente convenio o Igape contribuirá cun máximo de 50.000 € con cargo á partida orzamentaria 09.A1.741A.6400 para o ano 2025.

O anexo II "Memoria Económica" detalla esta contribución.

Partida	Código de proxecto	2025
09.A1.741A.6400	2021 00013	50.000 €

VIRATEC carece de ánimo de lucro na realización das actuacións obxecto do convenio, polo que a contribución pecuniaria responde a unha compensación dos gastos que terán que soportar de cara a lograr a efectividade e execución do convenio.

- ❖ Igape comprométese a colaborar na organización e difusión do evento, e dar o visto e prace das programacións presentadas a través da Comisión de Seguimento prevista na cláusula oitava sobre as propostas realizadas por VIRATEC.
- ❖ No marco desta colaboración, o Igape difundirá o proxecto a través das canles que, estando ao seu alcance, considere oportunas.

#### **Quinta. Compromisos de VIRATEC**



- ❖ VIRATEC responsabilízase de organizar o I FORO DE INDUSTRIA SOSTIBLE, de acordo co previsto neste convenio na súa totalidade, con independencia da colaboración prevista do clúster vasco ACLIMA, en estreita colaboración co Igape, acordando co Igape a súa programación e contribuíndo economicamente ás actividades tal e como se describe no anexo II.
- ❖ VIRATEC comprométese a propoñer ao Igape o contido do evento, os relatores, e calquera outro detalle de organización relevante, que o Igape deberá aprobar antes de levar a cabo as actividades. Este proceso de proposta e visto bo levarase a cabo a través da Comisión de Seguimento do convenio.
- ❖ VIRATEC será responsable da captación de asistentes e da difusión e márketing do evento, incluíndo en todas as comunicacións o logotipo do Igape asociado ao da Xunta de Galicia.

### **Sexta. Pagamento da contribución do Igape**

A contribución do Igape será aboada unha vez solicitado o pago mediante a presentación dunha certificación de gastos de VIRATEC comprensiva dos gastos incorridos e a correspondente documentación xustificativa.

A dita certificación será presentada antes do 30/11/2025, e farase vía electrónica, na oficina virtual do Igape na páxina <https://spiga-sede.igape.es>, achegando as copias dixitalizadas da documentación que se relacionan a continuación.

Asemade, poderanse presentar dous pagamentos parciais transcorridos dous e catros meses da sinatura do convenio, coa presentación da correspondente certificación de gastos parcial por parte de VIRATEC e a documentación xustificativa relacionada a continuación, substituindo nestas xustificacións parciais a memoria do evento por unha memoria dos procesos realizados que determinan a existencia dos gastos xustificados

VIRATEC responsabilizarase da veracidade dos documentos que presente.

A solicitude de pagamento estará integrada por:

1.- Certificación do gasto, segundo modelo do Anexo III: certificación comprensiva da relación clasificada dos gastos externos presentados, con identificación do acredor e do documento, seu importe, data de emisión e data de pago e mediante a cal se solicita o pagamento.

2.- Memoria do evento:

- ❖ Data e lugar de celebración.
- ❖ Programa definitivo.
- ❖ Listado de asistentes.
- ❖ Documentación audiovisual: relatorios, fotografías do evento, etc.

3.-Declaración responsable da titularidade da conta bancaria onde se debe realizar o pagamento, incluída no Anexo III.

4.- Declaración responsable da persoa que asina a solicitude, en representación do organismo, de que a documentación que se presenta en copia dixitalizada constitúe unha reprodución exacta dos orixinais, os cales lle poderán ser requiridos polo Igape, incluída no Anexo III. Excepcionalmente, cando existan dúbidas derivadas da calidade da copia, o Igape poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas polo interesado para o cal se lle poderá requirir e exhibición do documento orixinal.

5.- Certificacións expedidas polas respectivas administracións públicas, que acrediten que se está ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social, así como a acreditación de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración



Pública da Comunidade Autónoma ou autorización para que o Igape realice estas consultas polos seus propios medios. De acordo coa cláusula 13 deste convenio VIRATEC autoriza a realización desta consulta.

6.- Documentación xustificativa da realización e pagamento do custo das actividades realizadas:

❖ Gastos externos: facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no punto anterior e xustificante bancario do seu pago.

❖ Declaración expresa de que as persoas ou entidades contratadas para as actividades obxecto da colaboración non teñen vinculación societaria empresarial co organismo que realiza a contratación.

❖ Custos de persoal:

- Certificado de dedicación emitido por VIRATEC, segundo corresponda, deixando constancia documental das horas efectivamente consumidas polos traballadores/as imputables ao proxecto, en documento asinado polo responsable da entidade e a persoa empregada.
- Nóminas pagadas e xustificante do seu pago.
- Seguridade social do período que se alega: Documento/s de relación nominal de traballadores e documento/s de cálculo da liquidación e os correspondentes xustificante/s de pago.
- Importes retidos do IRPF do período que se alega: Modelo/s 111 e os correspondente/s xustificante/s do seu ingreso na AEAT.

❖ Para a consideración do IVE como gasto atendible:

○ No caso de estar exento do imposto sobre o valor engadido (IVE): Certificación da AEAT de exención do IVE ou

○ Se tendo pagado o IVE, este non é parcialmente susceptible de recuperación ou compensación en base a pro rata: acreditación da compensación parcial ou non recuperación expresa mediante última declaración presentada do modelo 390 ou mediante certificación de situación censual expedida pola AEAT, na cal se poña de manifesto a pro rata do IVE correspondente. As certificacións e/ou a última declaración modelo 390 a data de peche da correspondente a certificación de gastos. Unha vez pechado o exercicio poderáselle requirir certificación da AEAT que acredite que non presentou a Declaración Anual do Imposto sobre o Valor Engadido ou modelo 390.

❖ Cando o importe do gasto atendible supere a contía de 15.000€ + IVE, as tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo, agás que polas especiais características dos gastos atendibles non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, que deberá ser claramente xustificado. Nos restantes casos, a elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

❖ Outros ingresos: certificado de achegas concorrentes, públicas ou privadas, para a organización do evento xustificado, non podendo superar o 100% do seu custo total.

7.- Calquera outra documentación ou material que o beneficiario considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto do presente convenio.

Requisitos:



- Xustificación dos pagamentos: transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo.

- Os gastos deben estar realizados e pagados antes do 30/11/2025, tendo en conta que é atendible o custo laboral bruto só ata a data de celebración do evento.

O Igape abonará a VIRATEC o 90% dos custos xustificados, co límite de 50.000 €.

VIRATEC manterá a disposición do Igape ou de calquera organismo público con capacidade de fiscalización da Comunidade Autónoma de Galicia, tales como Intervención Xeral, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, todos os xustificantes dos gastos e ingresos obtidos a fin dunha verificación in situ, ben por medios propios ou mediante auditor externo. O prazo para a comprobación material de facturas e xustificantes de gasto será de 5 anos desde a finalización do prazo de vixencia deste convenio.

### **Sétima. Vixencia**

Establécese como prazo de vixencia do convenio desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- a) O transcurso prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a súa prórroga.
- b) O acordo unánime dos asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun prazo de 10 días hábiles coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado á Comisión de Seguimento do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Se cando conorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento do convenio, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a súa liquidación.

### **Oitava. Comisión de Seguimento**

Para velar polo cumprimento do estipulado, constituirase unha Comisión de Seguimento da execución do convenio, formada por dous representantes do Igape e dous representantes de VIRATEC, que se reunirá regularmente unha vez cada trimestre en sesións ordinarias e a petición dunha das partes se se desen circunstancias extraordinarias que así o aconsellaran. A citada Comisión estará presidida por un dos representantes do Igape que terá voto de calidade, agás en decisións de adxudicación ou contratación que impliquen condicións gravosas para VIRATEC que se tomarán por unanimidade. Asistirá sen voto un técnico para levantar acta das sesións. Asemade, tamén sen voto, poderá asistir ás reunións da Comisión o persoal de apoio aos representantes das entidades que se consideren convenientes.



Esta Comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio. Exercerá tamén as funcións de aprobación dos contidos dos eventos, os poñentes, as datas, a programación de eventos a maiores, a desagregación ou concentración dos inicialmente previstos e calquera outro detalle de organización relevante, ás que se refire a cláusula quinta, sexta e sétima do convenio.

O funcionamento da Comisión de Seguimento farase ao abeiro do réxime xurídico dos órganos colexiados contido na sección III, co capítulo I do título I (artigos 15 e seguintes) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

#### **Novena. Modificacións**

O presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. A devandita modificación só poderá ter por obxecto a redución do volume das obrigas.

Toda alteración que se realice referente ao contido deste convenio será proposta pola Comisión de Seguimento e deberá formalizarse na correspondente addenda.

#### **Décima. Publicidade**

De conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co previsto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, o Igape e a Consellería de Economía e Industria publicarán no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial o importe da contribución económica ao amparo deste convenio e a entidade destinataria desta; e incluírá igualmente a referida contribución e as sancións que como consecuencia desta puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos da entidade e a referida publicidade, así como a súa cesión por parte do Igape aos órganos competentes da Consellería de Economía e Industria.

VIRATEC deberá subministrar toda a información necesaria para que o Igape poida dar cumprimento ás obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento desta obriga serán as establecidas no artigo 4.4 da citada lei.

#### **Undécima. Protección de datos de carácter persoal**

En virtude do disposto no artigo 26 do Regulamento (UE) 2016/679, xeral de protección de datos (RXPDP) e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (BOE nº 294, do 6 de decembro), se calquera das partes accede a datos de carácter persoal contidos en ficheiros titularidade de VIRATEC, adquiren a condición de encargados do tratamento e comprométense a:

- Non utilizar nin tratar datos de carácter persoal con finalidade distinta á execución deste convenio, non comunicar os datos baixo ningún concepto a terceiras persoas, nin sequera para a súa conservación e, en especial, non reproducir, nin publicar, nin difundir ningunha información acerca dos datos.
- Garantir o cumprimento das medidas de seguridade establecidas, así como a súa correcta implementación.
- Ao termo da relación, por calquera causa, os datos de carácter persoal aos que tivesen tido acceso as restantes partes, deben ser destruídos ou devolverse a VIRATEC, incluíndo calquera soporte ou documento.



O incumprimento destas obrigas fai responder ás restantes partes das infraccións que cometa coma se ocupase a posición de responsable do tratamento.

O Igape responde fronte a VIRATEC do cumprimento destas obrigas polas persoas que na súa representación participen de calquera modo na execución deste convenio.

#### **Duodécima. Responsabilidade**

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais ou entidades que vaian desenvolver as actuacións obxecto deste convenio e o Igape, de tal xeito que non se poderá esixir a este Instituto responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do devandito convenio.

#### **Décimo terceira. Autorizacións**

VIRATEC consinte expresamente a inclusión dos datos persoais e relevantes das persoas asinantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, sabendo que poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición respecto do contido dos rexistros antes citados, ante a Dirección Xeral do Instituto Galego de Promoción Económica, situado no complexo administrativo de San Lázaro s/n, 15707 Santiago de Compostela, en aplicación do disposto no Decreto 126/2006.

Este consentimento esténdese á autorización para a cesión dos seus datos á entidade financeira na que se abone o pago, ao *Diario Oficial de Galicia* e ás demais cesións previstas na Lei.

Tamén comporta a autorización a Igape para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

#### **Décimo cuarta. Natureza xurídica e resolución de conflitos**

Este convenio ten natureza administrativa e regularase polo establecido nas presentes cláusulas e na lexislación que resulte aplicable. De acordo co artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, está excluído do ámbito de aplicación de dicha normativa.

As partes comprométense a resolver de común acordo calquera controversia que se puidese suscitar sobre a interpretación ou execución deste convenio, someténdoo á Comisión de Seguimento prevista en leste. En caso de persistir o desacordo, someterase á xurisdición contencioso-administrativa, conforme ao disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

#### **Décimo quinta. Normativa aplicable**

Para todo o non previsto neste convenio aplicarase o previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como na Resolución do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril) pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia. Será



tamén de aplicación o disposto no capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, polo que se regulan os convenios do sector público.

E en proba de conformidade, subscriben o presente documento o 5 de agosto de 2025.

**A Conselleira de Economía e Industria**

**A Presidenta da Asociación Clúster Galego de Solucións Ambientais e Economía Circular**

María Jesús Lorenzana Somoza

Josefa de León Blanco



ANEXO I



Programa / Egitarauaren Zirriborrea

**ATLANTIC GREEN HUB:**  
*Empowering clean and competitive industry*

**Lugar:** Ciudad Gallega de la Cultura

**Fecha:** 23 – 24 octubre 2025

**Horario:** 23 octubre [9:00h – 18:00h] / 24 octubre [9:00h – 14:00h]

Hora	Contenido	Notas
08:30	Apertura de registro y acreditación	Permanece abierto durante el Foro como punto de contacto con secretaría técnica e información al visitante
09:30	Bienvenida	Actuación musical Galicia/Euskadi (2 piezas, 7') Acto de bienvenida con los discursos de los representantes de Viratec y Aclima <ul style="list-style-type: none"> <li>• VIRATEC (10') – Josefa de León Blanco (presidenta de Viratec)</li> <li>• Aclima (10') - Xabier Caño González (presidente de Aclima, Basque Environment Cluster)</li> </ul>
10:00	Mesa Redonda Clusters <i>El papel de los clusters como facilitadores de la aplicación de SOLUCIONES INNOVADORAS para responder a los DESAFÍOS AMBIENTALES y como generadores de valor para trabajar en la descarbonización y el desarrollo de empleo verde (Máximo 2 mesas, 8 clústeres. Pendiente incluir 2 clústeres de Euskadi)</i>	Primera mesa de la jornada con la presencia de representantes de diferentes clusters. (1 hora) Moderación: (10'): <b>Covadonga Toca Carús</b> , directora general del IGAPE <ul style="list-style-type: none"> <li>• CLUSTER 1 (10') Clusaga - Clúster de Alimentación de Galicia</li> <li>• CLUSTER 2 (10') Cointega – Clúster Textil Moda</li> <li>• CLUSTER 3 (10') Clúster da madeira e o diseño</li> <li>• CLUSTER 4 (10') Ceaga – Clúster de Empresas de Automoción</li> <li>• CLUSTER 5 (10') Anfaco – Clúster Mar Alimentario</li> <li>• CLUSTER 6 (10') Aclunaga – Clúster del Naval</li> <li>• CLUSTER 7 Galicia Constrúe</li> <li>• CLUSTER 8 - Cluergal</li> </ul> Preguntas: (10')
11:00	Acto de inauguración oficial	Inauguración oficial del Foro con la participación de las autoridades gubernamentales de Euskadi y Galicia



		<ul style="list-style-type: none"> <li>• Representante institucional-Galicia (10') – María Jesús Lorenzana Somoza, Conselleira de Industria.</li> <li>• Representante institucional-Euskadi (10') - Mikel Jauregi Letamendia (consejero de Industria Transición Energética y Sostenibilidad del Gobierno Vasco)</li> <li>• Sara Aegesen Muñoz (vicepresidenta tercera y ministra de Transición Ecológica y Reto Demográfico) / Hugo Morán Fernández (secretaría de estado de medio ambiente) (10')</li> </ul>
11:30	Pausa - Café Recorrido institucional por la zona expositiva	El recorrido institucional es paralelo a la pausa café para asistentes
12:00	Mesa redonda Regiones <i>Necesidades estratégicas para promover un territorio líder en industria verde y competitiva desde el punto de vista de las administraciones</i>	<p>Moderación: <b>(10')</b> (Marta Gómez Palenque, Directora General de Calidad Ambiental del MITERD)</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>REGIÓN 1 (10')</b> Josu Bilbao Begoña (Viceconsejero de Medio Ambiente del Gobierno Vasco)</li> <li>• <b>REGIÓN 2 (10')</b> Galicia (Viceconsejería) María José Echevarría Moreno, Dirección General de Calidad Ambiental y Sostenibilidad</li> <li>• <b>REGIÓN 3 (10')</b> Asturias (Viceconsejería) - Susana María Madera Alvarez (Viceconsejera de Medio Ambiente GV - <a href="mailto:viceconsejeriamedioambiente@asturias.org">viceconsejeriamedioambiente@asturias.org</a>)</li> <li>• <b>REGIÓN 4 (10')</b> Cantabria (Viceconsejería) Alberto Quijano Alonso, Dirección General de Medio Ambiente y Cambio Climático</li> </ul>
13:30	Diálogo <i>Conversaciones alrededor del potencial del eje Atlántico como entorno especializado y competitivo, espacio colaborativo para las empresas y tractor de inversiones</i>	<p>Tejiendo el Eje Atlántico de las Soluciones Ambientales:</p> <p><b>Anfitriones:</b> Galicia y Euskadi</p> <p><b>La Rioja:</b> José María Infante Olarte (Dirección General de Calidad Ambiental, Cambio Climático y Agua)</p> <p><b>Nueva Aquitania:</b> Arnaud Gueguen (Direction de l'environnement - CONSEIL RÉGIONAL DE NOUVELLE-AQUITAINE)</p> <p><b>Portugal (Región Norte - Comisiones de Coordinación y Desarrollo Regional)</b> António M. Cunha, presidente.</p>
14:30	Cierre jornada mañana	

#### Jornada de tarde

13:30-14:30	Comida	Validación con Pase
14:00-18:00	Side Events	Espacio de ponencias en zona expositiva, según programa
15:00-18:00	B2B en zona de reuniones	
18:00	Networking Festivo	

#### DIA 2 – MAÑANA [DIA DE MEDIO AMBIENTE]

Hora	Contenido	Notas
09:00	Apertura de registro	Permanece abierto durante el Foro como punto de contacto con secretaría técnica e información al visitante
09:30 – 10:00	Ponencia Inspiracional	Consultar listado propuesto
10:00- 12:00	Disponibilidad Café	Zona Network



10:00 – 11:30	Mesa Redonda <i>El papel de las empresas como agentes impulsores de una transición ecológica real, rentable y transformadora</i>	Moderación: <b>(10') Jon Ansoleaga (director general de SPRI)</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>● <b>EMPRESA 1 (10') Repsol / Moeve</b></li> <li>● <b>EMPRESA 2 (10') Iberdrola</b></li> <li>● <b>EMPRESA 3 (10') Mercedes</b></li> <li>● <b>EMPRESA 4 (10') Eroski - Vegalsa</b></li> <li>● <b>EMPRESA 5 (10') Resonac</b></li> <li>● <b>EMPRESA 6 (10') Finsa</b></li> <li>● <b>EMPRESA 7 (10')</b></li> <li>● <b>EMPRESA 8 (10') TEXTIL</b></li> </ul> <p>Preguntas: <b>(10')</b></p>
11:30	Cierre Congreso Varias opciones europea, nacional o regional. Área MEDIO AMBIENTE	<b>EUROPA</b> cargo europeo
11:45 – 13:30	Side Event	Espacio de ponencias en zona expositiva
13:30	Cierre	Zona de ponencias – Side Event-
14:00- 15:00	Picoteo-Networking	Exclusivamente participantes en Foro

#### Ponencia inspiracional. Nombres propios:

- **Ramón Hernando de Larramendi**, Explorador y aventurero polar español
- **Odile Rodríguez de la Fuente**, Conferenciante y experta en sostenibilidad
- **Mónica Chao Janiero**, presidenta de WAS Women Action Sustainability. Ex-ejecutiva de Ikea, NH Hoteles y Mapfre. Experta en liderazgo y transformación sostenible.
- **Valvanera Ulargui Aparicio**. Directora General de la Oficina Española del Cambio Climático. Licenciada en Derecho por la Universidad Complutense de Madrid y por la Universidad CEU San Pablo 1991-1997. Curso Gestión de empresa EOI, 1998.
- **Paul Poolman**. Antiguo CEO mundial de Unilever y un referente en estos aspectos con varios libros escritos
- **Antonio Espinosa**. CEO de Auara y de LIUX y premio Princesa de Girona 2024 de CREA Empresa
- **Antonio Puente**. Consejero delegado de Adolfo Domínguez que ha centrado en la sostenibilidad la reactivación de esta marca de moda gallega.
- **Mariana Mazucatto**. Economista italiana, una de las referentes de la economía circular a nivel mundial.
- **Xurxo Mariño**. Biólogo especializado en neurociencia. Divulgador científico de programas como Órbita Laika o Julia en la Onda. Investigador y profesor de la UDC e Investigador Post-doctoral del MIT. Profesor del Master de Cultura Científica de la Universidad del País Vasco y de la Universidad Pública de Navarra.
- **José Luis Gallego**. Divulgador y periodista. Colaborador de Julia Otero en su programa de Onda Cero. Autor de una treintena de libros sobre divulgación ambiental. Responsable del área de sostenibilidad del digital El Confidencial. Experto conferenciante en sostenibilidad y economía circular.
- **José María Bermúdez de Castro y Juan Luis Arsuaga Ferreras**. Fundadores de la Fundación Atapuerca. Conferencia sobre la relación humana con el medio natural desde un punto de vista histórico y didáctico.

Real Instituto Elcano:

Lara Lázaro o Gonzalo Escribano, responsables del grupo de investigación de Clima y Energía del Real Instituto Elcano.

Judiht Arnal y Enrique Feás, directores del grupo de Política Industrial, Regulación y Competitividad del Real Instituto Elcano

-El Clean Industrial Deal ¿voluntarista o transformador? **Ignacio Urbasos Arbeloa**

-Resiliencia Hídrica europea en época de cambio. **Elena López Gunn, Sofía Tiradro Sarti**

Otros nombres para tener en cuenta:

- Ion Olaeta, presidente de la Federación Española de la Recuperación y el Reciclaje (FER)



- Ángel Fernández Homar, presidente de la Fundación para la Economía Circular
- Marina Martínez-García, directora de la oficina de fondos H2020 del CDTI en Bruselas
- Félix Romero Cañizares, director de la Fundación Biodiversidad
- Margarita Ruiz Saiz-Aja, Miteco. Subdirectora General de Economía Circular

Buenas prácticas en empresas:

- Carmen Gómez-Acebo, directora de Sostenibilidad de Coca Cola European Partners
- Miguel Carsi, CEO de Toyota-España
- Mariví Sánchez, responsable del área de Sostenibilidad del Nauterra (Grupo Conservas Calvo)



## ANEXO II MEMORIA ECONOMICA

Para a realización das actuacións obxecto do presente convenio o Igape contribuirá cun máximo de 50.000 € con cargo á partida orzamentaria 09.A1.741A.6400 para o ano 2025.

Partida	Código de proxecto	2025
09.A1.741A.6400	2021 00013	50.000 €

A contribución do Igape límitase ao 90% dos custos incorridos e xustificados por VIRATEC asociados á celebración do Foro. Para a percepción da contribución do Igape, VIRATEC deberá presentar a xustificación de execución e dos gastos asociados:

1.- Certificación do gasto, segundo modelo do Anexo III: certificación comprensiva da relación clasificada dos gastos externos presentados, con identificación do acredor e do documento, seu importe, data de emisión e data de pago e mediante a cal se solicita o pagamento.

2.- Declaración responsable da titularidade da conta bancaria onde se debe realizar o pagamento, incluída no Anexo III.

3.- Documentación xustificativa da realización e pagamento do custo das actividades realizadas:

❖ Gastos externos: facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no punto anterior e xustificante bancario do seu pago.

❖ Declaración expresa de que as persoas ou entidades contratadas para as actividades obxecto da colaboración non teñen vinculación societaria empresarial co organismo que realiza a contratación.

❖ Custos de persoal: co límite admisible do 10% dos gastos totais xustificados.

- Certificado de dedicación emitido por VIRATEC, segundo corresponda, deixando constancia documental das horas efectivamente consumidas polos traballadores/as imputables ao proxecto, en documento asinado polo responsable da entidade e a persoa empregada.
- Nóminas pagadas e xustificante do seu pago.
- Seguridade social do período que se alega: Documento/s de relación nominal de traballadores e documento/s de cálculo da liquidación e os correspondentes xustificante/s de pago.
- Importes retidos do IRPF do período que se alega: Modelo/s 111 e os correspondente/s xustificante/s do seu ingreso na AEAT.

❖ Para a consideración do IVE como gasto atendible:

○ No caso de estar exento do imposto sobre o valor engadido (IVE): Certificación da AEAT de exención do IVE ou

○ Se tendo pagado o IVE, este non é parcialmente susceptible de recuperación ou compensación en base a prorrata: acreditación da compensación parcial ou non recuperación expresa mediante última declaración presentada do modelo 390 ou mediante certificación de situación censual expedida pola AEAT, na cal se poña de manifesto a prorrata do IVE correspondente. As certificacións e/ou a última declaración modelo 390 a data de peche da correspondente a certificación de gastos. Unha vez pechado o exercicio poderáselle requirir certificación da AEAT que acredite que non presentou a Declaración Anual do Imposto sobre o Valor Engadido ou modelo 390.



❖ Outros ingresos: certificado de achegas concorrentes, públicas ou privadas, para a organización dos eventos xustificadas, non podendo superar o 100% do seu custo total.

Requisitos:

- Xustificación dos pagamentos: transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo.

- Os gastos deben estar realizados e pagados antes do 30/11/2025. Non obstante o anterior, é atendible o custo laboral bruto só ata a data de celebración do evento.

O Igape abonará a VIRATEC o 90% dos custos xustificadas, co límite de 50.000 €.

VIRATEC carece de ánimo de lucro na realización das actuacións obxecto do convenio, polo que a contribución pecuniaria responde a unha compensación dos gastos que terán que soportar de cara a lograr a efectividade e execución do convenio.

- ❖ Igape comprométese a colaborar na organización e difusión do evento, e dar o visto e prace das programacións presentadas a través da Comisión de Seguimento prevista na cláusula oitava sobre as propostas realizadas por VIRATEC.
- ❖ No marco desta colaboración, o Igape difundirá o proxecto a través das canles que, estando ao seu alcance, considere oportunas.



**ANEXO III  
CERTIFICACIÓN DE GASTOS**

CONVENIO		IGAPE-VIRATEC : I FORO INDUSTRIA SOSTIBLE					TITULAR: VIRATEC				
DOCUMENTACION XUSTIFICATIVA DO GASTO							DOCUMENTACION DE PAGOS				
CONCEPTO DE GASTO	Nº	DATA	MEDIO / PROVEDOR	Descrición/concepto	IMPORTE TOTAL	IMPORTE GASTOS IMPUTABLES AO CONVENIO	TIPO e Nº	DATA	IMPORTE	CONTA CARGO	ENTIDADE FINANCEIRA
				<b>TOTAL ALEGADO</b>			<b>TOTAL PAGADO</b>				

Don/Dona \_\_\_\_\_ con NIF nº \_\_\_\_\_, actuando en nome e representación da entidade arriba indicada,

EXPÓN:

Que no período comprendido entre o \_\_\_\_\_ e o \_\_\_\_\_ incorreu en gastos que comprenden conceptos e importes atendibles no convenio de referencia por un importe de \_\_\_\_\_ euros. Os ditos gastos reflíctense fielmente na contabilidade da empresa.

Que para a tramitación desta certificación de gastos presenta a documentación requirida no convenio.



DECLARA:

- Que os datos consignados nesta certificación son certos. A falsidade do declarado determinará a imposibilidade de percibir, de ser o caso, os dereitos recoñecidos no procedemento administrativo desde o momento en que se teña constancia da falsidade, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas que procedan.
- Que a seguinte conta bancaria, da cal é titular a entidade de referencia, é a especificamente designada aos efectos de cobramento da contribución do Igape ao obxecto do convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica, a Asociación para el Progreso de la Dirección e a Asociación Círculo de Empresarios de Galicia CFV para a execución do programa "Mellora das competencias directivas",

Entidade	Sucursal	D.C.	IBAN

- Que as copias dixitalizadas presentadas no expediente constitúen unha reprodución exacta dos seus orixinais.

E por todo iso,

SOLICITA:

Que lle sexa aboada á entidade arriba indicada o importe de \_\_\_\_\_ euros, ingresándose na seguinte conta bancaria:

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

(Sinatura do/a representante)